



OLGA DÍAZ LÓPEZ

Profesora desde 1994 ata a actualidade.

Directora entre 1999 e 2011

Nin tan alto como o valado metálico de Melilla, nin tan rexo como o muro de Berín, nin tan etéreo como o mexicano de Donald Trump... pero absurdo e disparatado como todos eles xuntos. Así vía aquel entramado metálico que separaba o patio interior dos dous institutos clásicos da cidade a finais dos 70 unha moza circunstancialmente nada en San Antonio (Texas) que ollaba desde o *Feminino* a imaxe cuadriculada dun edificio distante e prohibido onde estudaban o bacharelato algúns amigos e onde impartiu clase de Educación Física durante un tempo meu irmán maior, o temido karateka *Rompehuesos*.

A Ditadura caera xa e o enreixado... o do enreixado era cuestión de tempo.

Tres lustros despois regresaba a un *Masculino* rebautizado, xa sen fronteiras, para incorporarme á miña praza de profesora de Inglés. Daquela non podía intuír sequera a cantidade de vivencias, de sentimentos e sobre todo de tempo –diurno e nocturno- que acabaría dedicando ao centro, moi sinaladamente a partir de ser nomeada directora do mesmo en xullo de 1999.

O peso dunha responsabilidade por min non desexada, aínda que consciente e forzosamente asumida, constituiría para min un gran reto persoal e profesional que procurei afrontar poñendo nesa empresa toda a dilixencia e o empeño do que fun capaz, salvando obstáculos e -o máis importante- rodeándome dun grupo de persoas que, máis que compañeiras, hoxe continúo considerando amigas.